

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 30 de agosto de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta de agosto de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local acctal., D. Manuel Córdoba Ardao, o secretario xeral do Pleno, D. José Riesgo Boluda, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.(1115)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais:

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) *Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,45 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividi-lo custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.*

c) *Escola Municipal de Música:*

Música e movemento:

- Matrícula 35,45 €
- 10 mensualidades de 14,10 €

Práctica instrumental. Nivel I:

- Matrícula 49,60 €
- 10 mensualidades de 19,50 €

Práctica instrumental. Nivel II:

- Matrícula 54,05 €
- 10 mensualidades de 21,60 €

Práctica instrumental. Nivel III:

- Matrícula 58,50 €
- 10 mensualidades de 23,35 €

Difusión musical (curso 20 horas)

- Matrícula 26,25 €

Monográfico (curso 20 horas)

- Matrícula 39,40 €

Especialización musical (curso 30 horas)

- Matrícula 131,15 €

d) *Escola Municipal de Teatro.*

Cursos de teatro para nenos/as:

- Matrícula 21,25 €
- 10 mensualidades de 18,45 €

Cursos monográficos

141,85 €

Ciclo de arte dramática:

1º Curso

- Matrícula 78,00 €

- 10 mensualidades de	70,85 €
2º) Curso	
- Matrícula	99,25 €
- 10 mensualidades de	88,65 €
3º) Curso	
- Matrícula	117,00 €
- 10 mensualidades de	106,35 €

No caso de que os seleccionados para a Escola Municipal de Teatro segundo o disposto na cláusula 6º do Prego de Condicións aprobado en sesión plenaria de 15 de abril de 1999, pertencesen a unidades familiares con ingresos per capita mensuais inferiores a 245,90 €, quedarán eximidas de pagamento destes prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2005, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2.(1116)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES”.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao “Instituto municipal dos Deportes”, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao “Instituto municipal dos Deportes”:

ARTIGO 18.- PREZOS PUBLICOS.

A) ESPECTÁCULOS

En tódalas instalacións.

- 1 día	3.422,00 euros + iva
- ½ día	1.916,00 euros + iva
- Alquiler escenario	17,10 euros m2 + iva

B) ACTIVIDADES CULTURAI.

- 1 día 479,00 euros + iva
- ½ día 274,00 euros + iva

C) ESPECIAL

Para montar e desmontar.

Hora 31,00 euros + iva

ARTIGO 19.-

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIONS, ADESTRAMENTOS.

a) **ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS**, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

a.1.-EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	171,10 €
1ª Categoría (un só equipo)	68,45 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	102,65 €
2ª Categoría	51,35 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 51,35 €

b) Cando unha entidade tenga otorgado unha reserva de uso de adestramentos e competicións oficiais nunha instalación para unha tempada, o pago dos precios públicos poderá ser domiciliado nunha entidade bancaria e poderá ser facturado anticipadamente dunha seguintes maneiras:

PAGOS DE ADESTRAMENTOS:

b.1.- Mensualmente.

b.2.- Bimensualmente. Neste caso terá un desconto dun 10% sobre o total.

b.3.- Trimestralmente. Neste caso terá un desconto dun 20% sobre o total.

1.2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS: (sin tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Ritmica, Artes marciais.

Instalacións	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Pavillón Central	41,05	68,45
Outras Instalacións	23,95	41,05

1.3. PARTIDOS (Baloncesto, balonman, Voleibol, Fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Categoría especial	54,75	130,05

b) OUTRAS INSTALACIÓNS

	€/hora
Categoría especial	51,35
1ª Categoría	23,95
2ª Categoría	11,60

1.4. ADESTRAMENTOS:

a) PAVILLÓN CENTRAL

	€/hora
Categoría especial e 1ª categoría	10,25

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

	Pista entera €/hora	Pista compartida €/hora
Categoría especial		
e 1ª cat. 6,45	4,80	
2ª Categoría	4,40	3,45

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS

	€/hora
1ª Categoría (un equipo)	3,75
2ª Categoría (un equipo)	2,05

ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO AS INSTALACIÓNS

1.1 Adulto	2,55 €
1.2 Menores	1,75 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	23,25 €
2.2. Menores	15,75 €

3.- TENIS E FRONTÓN E PADEL

3.1.- Instalacións Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	3,75 €	33,75 €

b) 4 Xogadores	4,40 €	39,60 €
----------------	--------	---------

3.2.- Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	2,55 €	22,95 €
b) 4 Xogadores	3,75 €	33,75 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:

	€/hora
Instalacións cubertas	1,70
Instalacións descubertas	1,05

4.-XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases
dous sesións a semana 13,05 €

4.2. Mensualidade por actividade/clases
tres sesións a semana 16,45 €

4.3.- Cuotas de abonados os Ximnasiaos.(uso libre).

4.3.1 Adultos (individual anual) 123,25 €

4.3.2 Menores (individual anual) 75,35 €

4.3.3 Familiar (anual) 178,00 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4 Adultos (individual anual) 102,70 €

4.3.5 Menores (individual anual) 54,75 €

4.3.6 Familiar (anual) 150,95 €

5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/
	reservas	
Reserva uso pista (45 minutos)	3,45 €.	31,05 €

ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCION DEPORTIVA

1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes 26,70 €

1.2. Menores/mes 17,10 €

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

€/alumno/mes

2.1. Grupo colexios 6,00 €

2.2. Outros programas 11,00 €

3. ESCOLAS DEPORTIVAS:

3.1. Escolas Deportivas

Por alumno-a/curso 34,25 €

ARTIGO 22.- OUTROS USOS:

1. COLEXIOS:

1.1 Instalacións deportivas 6,90 €/hora

2. ACADEMIAS PRIVADAS

2.1 Instalacións deportivas 13,65 €/hora

3. RENOVACIÓN DO CARNE

Renovación de carnet 0,70 €

4. SALA DE REUNIÓN:

Sala de reunións: 2,05 €/hora

DISPOSICIONS FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2005, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

3.(1117)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal xeral, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade con dito informe, aproba o proxecto de modificación da ordenanza fiscal xeral que figura no expediente.

4.(1118)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmoables, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles:

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

1. O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmobles sitos no termo municipal de Vigo, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

2. De conformidade cos artigos 59.1, 15.2 e 16 do citado RDL 2/2004 de 5 de marzo, o Concello de Vigo acorda a Ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente Ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 61 a 77 do RDL 2/2004, RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario) e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

3. Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales no RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario). Segundo a disposición transitoria primeira do citado RDL, a clasificación de bens inmobles rústicos e urbanos establecida nela terá efectividade dende 1 de xaneiro de 2006. Ata dita data os bens inmobles que figuren ou se dean de alta no Catastro Inmobiliario terán a natureza que lles corresponda conforme á normativa anterior.

6. Segundo o disposto no artigo 8.1 do RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), os bens inmobles de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora, que polo seu carácter unitario e por estar vinculado de forma definitiva para o seu funcionamento, configúrase a efectos catastrais como un único inmovle.

Segundo a Disposición Transitoria primeira do RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), os bens inmobles de características especiais que a 1 de xaneiro de 2003 consten no Catastro Inmobiliario conforme á súa anterior natureza manterán o seu valor e réxime de valoración ata 31 de decembro de 2005 sen prexuízo da súa actualización cando proceda. Igualmente manterán, a redución na base imponible, se a tiveran, e seralles de aplicación os tipos de gravame previstos na presente Ordenanza.

ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas es as Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

3. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto de ditos dereitos quedarán afectados ó pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos na Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ó inmovle que se transmite.

4. Responden solidariamente da cota deste imposto, en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

2. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución que legalmente se establece nos artigos 67 a 70 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais). A citada redución será aplicable no caso de ponencias totais de valores aprobadas ou que se aproben con posterioridade a 1 de xaneiro de 1997. No concello de Vigo, en tanto non se aprobe unha nova ponencia total de valores, non procederá a aplicación de ningunha redución na base imponible, sendo, en consecuencia, a base liquidable do imposto idéntica á base imponible.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,725%.

3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.

4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,725%.

ARTIGO 11.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2005 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

5.(1119)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica:

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo municipal, directo e obrigatorio regulado nos artigos 92 a 99 da RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria a nome de quen figure o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

3. Gozarán dunha bonificación do 75% do imposto durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que instalen un catalizador homologado. Así mesmo poderán acollerse a esta bonificación, durante dous anos contados dende a matriculación do vehículo, todos aqueles contribuíntes que adquiran un vehículo novo con catalizador homologado para substituír un vehículo que non dispoña dese catalizador, sempre e cando acrediten que o devandito vehículo será destinado a desguace.

ARTIGO 5.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

(último parágrafo).

A concesión de beneficios fiscais, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquél en que se formule a súa solicitude.

ARTIGO 6.- COTA

1. O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	18,20 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	50,60 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	108,65 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €

B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	122,85 €
B.2. de 21 a 50 prazas	178,35 €
B.3. de máis de 50 prazas	223,00 €

C. CAMIÓNS	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	62,60 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	122,85 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	178,35 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	223,00 €

D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	23,75 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	38,00 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	113,90 €

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	26,05 €

E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	40,95 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	125,15 €

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	5,50 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	5,50 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	10,90 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,35 €

ARTIGO 8.- XESTIÓN

2. Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o imposto xestionarase mediante o sistema de padrón anual que se notificará de modo colectivo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, excepto os ciclomotores e motocicletas de ata 125 cc. nos que as cotas anuais deberán ser ingresadas polo procedemento de autoliquidación entre os meses de xaneiro e abril de cada ano.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2005 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

6.(1120)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas:

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter real, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e regulado de conformidade co que dispoñen os artigos 78 e 91 da citada disposición legal.

ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos deste imposto, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as Sociedades civís e as entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 euros.

A efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo, teranse en conta as seguintes regras:

2ª. O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades e o dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non Residentes, o do período impositivo no que o prazo de presentación de declaracións por ditos tributos tivese finalizado o ano anterior ó de devengo deste imposto. No caso das sociedades civís e das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ó penúltimo ano anterior ó de devengo deste imposto. Se dito período impositivo tivera unha duración inferior ó ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ó ano.

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa en que radique:

Categoría Fiscal	Coeficiente Situación
1ª	2,53
2ª	2,37
3ª	2,22
4ª	2,05
5ª	1,90
6ª	1,74

ARTIGO 9.- COTA MUNICIPAL E RECARGO PROVINCIAL

b) Sobre as cotas calculadas segundo o apartado a) anterior, aplicaranse, en todo caso, os seguintes coeficientes de ponderación en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de conformidade co disposto no artigo 86 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais):

ARTIGO 11.- XESTIÓN

1. A xestión do imposto axustarase ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, Real decreto 243/1995 de 17 de febreiro, Ordenanza Fiscal Xeral do Concello e restantes normas que resulten de aplicación.

ARTIGO 12.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, ante a Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, as correspondentes declaracións censais de alta manifestando tódolos elementos necesarios para a súa inclusión na Matrícula nos termos establecidos no artigo 90.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora

das Facendas Locais) e dentro do prazo que regulamentariamente se estableza. A continuación a Administración Tributaria do Concello practica e notificará a liquidación procedente.

ARTIGO 13.- DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS DE XESTIÓN ENTRE A ADMÓN. DO ESTADO E O CONCELLO E OS CORRESPONDENTES RECURSOS

6. Contra os actos dictados en vía de xestión tributaria relacionados no parágrafo 5 deste artigo, os suxeitos pasivos poderán interpoñer recurso de reposición ante o Concello no prazo dun mes contado dende o día seguinte o de notificación ou, no caso de recibos de Padrón anual, dende o día seguinte o de finalización do período voluntario de pagamento.

ARTIGO 14.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

No relativo á cualificación de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003 Xeral Tributaria, Ordenanza Fiscal Xeral, e restante normativa que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2005 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

7.(1121)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte:

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ó Padrón Municipal de Habitantes:

- | | |
|----------------------------------|--------|
| a. De ata 5 anos de antigüidade | 1,80 € |
| b. Superior a cinco anos ata dez | 3,70 € |
| c. De mais de dez anos | 9,85 € |

d. Relativo ó nº de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrucción, etc:

Por cada distrito ou sección e parámetro	1,80 €
<i>e. Relativo ó total de habitantes do concello, referente a tódalas seccións e distritos, e clasificados por parámetros:</i>	
Por cada parámetro	33,25 €
<i>2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:</i>	
<i>a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina</i>	8,10 €
<i>b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de</i>	1,10 €
<i>3. Restantes certificados:</i>	
<i>a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina</i>	1,80 €
<i>b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de</i>	1,10 €
<i>4. Copias de planos:</i>	
<i>a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestructuras, servicios e outros, relativos a expedientes non terminados</i>	
- DIN A-4	1,50 €
- DIN A-1	3,00 €
- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de	7,70 €
<i>b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestructuras, servicios e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:</i>	
<i>- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).</i>	
<i>- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).</i>	
Por cada Plano	1,10 €
<i>c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:</i>	
- De ata tres anos de antigüidade, por un plano.	8,10 €
- Por cada ano ou plano máis, un recargo de	1,10 €
<i>5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.</i>	
<i>a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina</i>	
A4	0,10 €
A3	0,18 €
<i>b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina</i>	
A4	0,25 €
A3	0,70 €
<i>c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina</i>	
A4	0,45 €
A3	0,85 €
<i>d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina</i>	
A4	0,65 €

A3 1,65 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda

No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores poideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6. Verificación de poderes:

a Validación de poder, por cada un 8,10 €
b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha 3,50 €
c. Simple recoñecemento de sinatura 2,10 €

7. Fotocopias:

a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados,
por cada páxina A4. 0,08 €
por cada páxina A3 0,18 €

b. Compulsa de documentos

- Primeira páxina 1,10 €
- Por cada unha das restantes 0,20 €

8. Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:

- Por cada exemplar 3,55 €

9. Solicitude para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:

a. Por cada unha dos grupos A e B 28,20 €
b. Por cada unha dos grupos C, D e E 15,80 €

10. Informacións urbanísticas 11,80 €

11. Cédulas urbanísticas 39,15 €

12. Impresos de autoliquidación de tributos s/custo

13.1 Expedición de informes sobre intervencións ou actuacións da Policía Local a petición do interesado. 8,10 €

13.2 Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local. 82,10 €

13.3 Informes realizados polo Departamento de Tráfico. 8,10 €

14. Comunicaci3ns sobre licencias de actividades e instalaci3ns: cambios de titularidade e actividade sinalados no artigo 2 da Ordenanza de taxas de licencias de actividades e instalaci3ns 36,95 €

15. Certificados relativos á recadación de tributos:	
a. Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade	8,40 €
b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de	1,10 €

16. Documento acreditativo de INSCRICIÓN PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	0,35 €
---	--------

17. Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros.	3,00 €
--	--------

En supostos non contemplados anteriormente, a obtención de copias de documentos en soportes distintos de papel, tales como discos, filmacións, etc. serán obxecto de taxa por importe igual o custe ocasionado por tal expedición.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.005. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

8.(1122)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS AO SERVICIO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUCTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO).

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ao servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con conductor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono), previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ao servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con conductor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono):

ARTIGO 3.- RESPONSABLES

En materia de responsabilidade serán de aplicación o disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

ARTIGO 4.- COTAS

3. Revisión de vehículo	25,35 €
4. Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame.	7,25 €
5. Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir.	14,50 €
6. Por expedición de duplicados de permisos, licencias, tarifas, etc., por cada un	3,60 €

DISPOSICIÓN FINAIS

1. No non previsto na presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o un de xaneiro do ano 2005 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

9.(1123)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVICIOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes:

ARTIGO 2.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria que sexan:

ARTIGO 5.- COTA

1. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:

€/hora ou fracción

Por cada persoa afecta ó servizo: 10,10 €

Por cada vehículo afecto ó servizo: 19,55 €

2. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

Por cada vehículo e ano ou fracción: 18,10 €

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA: No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

SEGUNDA: A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2005, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

10.(1124)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruinas de construcións, salvamentos e outros análogos, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruinas de construcións, salvamentos e outros análogos:

ARTIGO 7.- TARIFAS

1. Os servizos prestados dentro do termo municipal serán gratuítos, agás que se dean as condicións sinaladas no apartado 3 deste artigo. Neste caso serán de aplicación para o cálculo da cota os apartados 2.1, 2.2 e 2.3 e 3 sucesivamente.

2. Ós servizos realizados fóra do termo municipal, aplicarase unha tarifa de 0,60 €/km e vehículo máis a tarifa que corresponda das seguintes:

2.1 De duración inferior a media hora: 74,60 €

2.2 De duración superior a media hora e inferior a dúas: 186,65 €

2.3 De duración superior: a cota deberá cubrir o custe do servizo avaliado polo Xefe do Servizo.

A efectos do cómputo do tempo do servizo terase en conta dende a hora de saída dos efectivos do Parque ata a hora de chegada ó mesmo. A cota resultante da aplicación desta tarifa inclúe tódolos gastos ordinarios precisos para a intervención, os extraordinarios poderán dar lugar a unha valoración adicional.

3. Nas extincións de incendios en locais onde haxa substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, recargarase a cota resultante dos apartados 2.1, 2.2 e 2.3 nun 100%

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicacións as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2005, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

11.(1125)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS,

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais:

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes por esta taxa as persoas físicas ou xurídicas e entidades a que alude o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que resulten beneficiarios dos servizos enumerados no artigo 1 deste texto.

ARTIGO 3.- RESPONSABLES

2. Ademais será de aplicación nesta materia o disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

c. Estarán exentas do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licencias de inhumacións ou enterramentos as familias que teñan ingresos totais iguais ou inferiores o salario mínimo interprofesional e que posúan un patrimonio inmobiliario con valor catastral igual ou menor a 43.770 €.

Sendo o único ben patrimonial a vivenda propia, o seu valor catastral poderá superar os 43.770 €.

ARTIGO 5.- COTAS

A. Concesións temporais

A. Concesións temporais

A.1. Por período de 6 anos ou fracción

A.1.1. de cinceiros sinxelos 109,30 €

de cinceiros dobres 197,75 €

A.1.2. de criptas 109,30 €

A.1.3. de nichos 320,05 €

A.1.4. Párvulos 176,90 €

A.2. Por período de 50 anos	
A.2.1. de nichos	1.786,20 €
A.2.2. de cinceiros	311,55 €
A.2.3. de parcelas exclusivamente (m2 ou fracción)	311,55 €

Nas concesións a que se refire o apartado A.2 anterior, no momento en que o Negociado de Cemiterios notifique a iniciación do expediente para adxudicación requirirase xunto co certificado de empadramento, autoliquidación por trámite do expediente de concesión por importe de 30 euros.

No caso de que a concesión non fose levada ata o final sexa por renuncia, impago ou calquera outra causa imputable ó interesado, o expediente pecharase sen dereito a devolución do importe ingresado pola tramitación.

B. Renovación por catro anos das concesións recollidas no apartado A.1.

B.1. de cinceiros sinxelos	71,20 €
de cinceiros dobres	134,70 €
B.2. de criptas	71,20 €
B.3. de nichos	214,55 €
B.4. de párvulos	176,90 €

C. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas

C.1. de mausoleos, panteóns, parcelas, cinceiros, criptas e nichos, así como duplicados dos mesmos	16,75 €
--	---------

D. Expedición de Licencias

D.1. Inhumacións.

Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, etc.

	Terra	Nichos eCriptas, panteón	Cinceiros	e mausoleos
- Adultos e párvulos		24,55	46,20	109,30 €
- Fetos e restos anatómicos				7,45 €

D.2. Exhumación	33,55 €
-----------------	---------

E. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares

E.1. De terreos por cada 3 m2.

E.1.1. hereditarios	25,00 €
E.1.2. intervivos	446,25 €

E.2. Nichos e criptas por unidade

E.2.1. hereditarios	25,00 €
E.2.2. intervivos	134,70 €

E.3. de cinceiros

E.3.1. hereditarios	8,15 €
E.3.2. intervivos	33,55 €

<i>E.4. De panteóns e mausoleos por unidade</i>	
<i>E.4.1. hereditarios</i>	176,90 €
<i>E.4.2. intervivos</i>	669,70 €

No caso de que notificadas as autorizacións para transmisión a que se refire este apartado E), a transmisión non fose efectiva, os interesados terán dereito a devolución do 90% das cotas ingresadas en concepto das citadas autorizacións.

F. Taxa de mantemento e limpeza

F.1. Donos e concesionarios de panteóns, capelas, mausoleos e criptas, por unidade e ano 28,35 €

F.2. Donos e concesionarios de nichos por un ano,
unha ou dúas bocas de nichos 7,45 €
3 ou 4 bocas 14,05 €

F.3. Sepultura en terra por unidade e ano 2,20 €

O devengo desta taxa aludida no apartado F) prodúcese o 1 de Xaneiro do ano en curso.

ARTIGO 7.- INGRESO

3. As liquidacións correspondentes ás concesións do apartado A.2.1 do artigo 5 desta Ordenanza poderán ingresarse polo seu importe total ou ben en fraccións, no caso de que se trate de nichos en construción. As posibles fraccións faranse da seguinte forma:

1ª liquidación

No momento da notificación do acordo de adxudicación. 447,75 €

2ª liquidación

Unha vez aprobadas certificacións de obras por importe equivalente ó 50% do total do proxecto. 664,20 €

3ª liquidación

A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión 674,25 €

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto na presente Ordenanza Fiscal será de aplicación as disposicións do Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria de Galicia, aprobado polo Decreto 174/98, a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2005 e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

12.(1126)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos:

ARTIGO 3.- RESPONSABLES

2. Ademais, será de aplicación nesta materia o disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

ARTIGO 5.- COTA

A) Pola inmovilización dun vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenado pola Autoridade competente segundo o disposto, e nos casos que se establezan na Lei de Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.

	Inmovilización	Incremento diario por depósito e custodia
Motocicletas e ciclomotores	56,00 €	4,40 €
Turismos e similares	110,00 €	8,20 €
Camións e autobuses	166,00 € 16,75 €	

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos

	Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	Incremento diario por depósito e custodia
Motocicletas e Ciclomotores	56,00 €	4,40 €
Turismos e similares	110,00 €	8,20 €
Camións e autobuses	166,00 €	16,75 €
Contenedores	194,00 €	16,75 €

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA.- No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restantes normas de aplicación.

SEGUNDA.- A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2005, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

13.(1127)- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE INSPECCIÓN SANITARIA E OS DE ANÁLISES QUÍMICAS, BACTERIOLÓXICAS E CALQUERA OUTRAS DA MESMA NATUREZA., QUE OBRA NO PRESENTE EXPEDIENTE.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 20.08.04, conformado pola Interventora xeral e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, polo que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria, os de químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno, de conformidade co antedito informe, aproba o seguinte proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria, os de químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza:

ARTIGO 4.- COTAS

D) HIDROLOXÍA

Euros

1. Probas presuntivas de potabilidade, incluíndo PH, conductividade, turbiedade nitritos, nitratos, amoníaco, coliformes, coliformes fecais.

2. Probas presuntivas de potabilidade naquelas áreas da vila nas que non se cumpra o servicio mínimo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento (rede de sumidoiros), incluíndo: investigación de nitritos, amoníacos, determinación de nitratos, investigación de coliformes, e no seu caso, de coliformes fecais.

2.7. *Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.* 1.136,6301 €

2.8. *MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 12 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.* 57,9424 €

2.9. *MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 25 cm. De diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.* 70,5454 €

2.10. *MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 31,5 cm. De diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.* 94,0518 €

2.11. *MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.* 121,2450 €

2.12. *MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.* 156,5701 €

3.- ESCAVACIÓNS E RECHEOS.

3.1. *M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de*

15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro.
23,1338 €

3.2. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas al 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro.
54,0530 €

4. LEVANTAMENTO E REPOSICION DE PAVIMENTACIÓNS.

4.1. M2. De levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m3. De áridos, completamente rematada.
15,2112 €

4.2. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de vinte (20) cm. de grosor, completamente rematado.
50,6866 €

4.3. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado.
63,6883 €

4.4. M2. De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor, completamente rematado.
29,8276 €

4.5. M2. De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado.
47,9607 €

4.6. M2. De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado.
35,5081 €

4.7. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.
16,5121 €

4.8. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.
46,7645 €

4.9. M2. De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica y 20 cm. de grosor, completamente rematado.
119,0095 €

4.10. M2. De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2, con 0,300 m3. De áridos, completamente rematado.
15,2243 €

5.- *INSTALACIÓN DE TUBO DE ABASTECIMIENTO.*

5.1. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.13,7339 €*

5.2. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.17,8913 €*

5.3. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.21,0290 €*

5.4. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.27,3828 €*

5.5. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.29,7752 €*

5.6. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.33,2724 €*

5.7. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.44,2936 €*

5.8. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.57,0796 €*

5.9. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.70,7873 €*

5.10. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.87,6523 €*

5.11. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.108,9951 €*

5.12. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.126,8995 €*

5.13. *Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.144,3985 €*

5.14. *Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 7,8376 €*

5.15. *Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 8,6875 €*

5.16. *MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.* 11,1126 €

6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMIENTO.

6.1. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm.*193,3208 €

6.2. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm.*221,8403 €

6.3. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm.*246,0593 €

6.4. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm.*352,7730 €

6.5. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm.*374,1745 €

6.6. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm.*590,3866 €

6.7. *Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm.*619,4363 €

6.8. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm.*1.022,3402 €

6.9. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm.*1.235,2708 €

6.10. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm.* 1.650,5358 €

6.11. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm.* 2.101,8776 €

6.12. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm.*4.448,7816 €

6.13. *Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm.* 4.780,2641 €

7. INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMIENTO.

7.1. *MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 30 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 24,5523 €

7.2. *MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 40 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 33,9458 €

7.3. *MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 50 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 41,3847 €

7.4. *Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 60 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 48,0980 €

7.5. *Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 80 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 69,6433 €

7.6. *Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 100 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.* 84,4362 €

8.- REXISTROS

8.1. *Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm2. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm2. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.* 814,7109 €

8.2. *Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm2. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm2. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.* 846,0419 €

8.3. *Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm2. De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada.* 474,8286 €

8.4. *Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado.* 233,4954 €

9.- TRABALLOS ESPECIAIS.

9.1. *Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude.* 60,2826 €

9.2. *Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude.* 120,5587 €

10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACION.

10.1. MAQUINARIA

10.1.1. Hora de compresor	10,0863 €
10.1.2. Hora de camión MAN	32,0763 €
10.1.3. Hora de camión PEGASO	25,6570 €
10.1.4. Hora de camión EBRO	21,0747 €
10.1.5. Hora de retroescavadora TY-45.	34,8217 €
10.1.6. Hora de retroescavadora TY-45 con martillo	87,0575 €
10.1.7. Hora de retroescavadora LY-80.	44,9080 €
10.1.8. Hora de carterpillar 955/950.	44,9080 €
10.1.9. Hora de tractor grúa.	25,6570 €
10.1.10. Hora rodete compactador.	35,7433 €
10.1.11. Hora de bituminadora.	31,1545 €
10.1.12. Hora de compactadora tipo ra, bandexa	6,6414 €
10.1.13. Hora cortadora de pavimentos	19,9308 €
10.1.14. Hora de vehículo lixeiro transporte.	13,2894 €

10.2 MAN DE OBRA

10.2.1. Hora de xornal de PEÓN	8,5959 €
10.2.2. Hora de xornal OFICIAL	9,0600 €

(*) Para a redacción do correspondente orzamento, tanto de conexións como de prolongacións de abastecemento e saneamento, os prezos das unidades de obra indicados neste Cadro, deberán ser incrementados no 19% en concepto de Gastos Xerais e Beneficio Industrial. Serán igualmente de aplicación nestos orzamentos os Impostos vixentes en cada momento.

(**) Para a inclusión das unidades de obra non reflectidas neste Cadro de Prezos nos orzamentos de conexións ou prolongacións da rede, o concesionario reflectirá suficientemente xustificado no orzamento, o prezo das ditas unidades de obra.

22.(1136)- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CATEGORÍA PROFESIONAL DO CONSERXE CONDUCTOR DA ESCOLA OBRADOIRO MAR DE VIGO II. EXPTE. 2478-077.

A Xunta de Goberno retira este expediente para mellor estudio do mesmo.

23.(1137)- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN COMISIÓN FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS PARA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA PARA CELEBRACIÓN FESTA NA HONRA DA VIRXE DOS AFRIXIDOS.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas Virxe dos Afrixidos, á ocupación do espacio público solicitado co gallo da celebración da festa na honra da Virxe dos Afrixidos, nos días 3, 4, 5 e 6 de setembro do ano en curso, no Parque de Zamáns, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeirias, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €, incluíndo na mesma a cantidade de 900 € en concepto de danos ó Patrimonio Municipal.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa da Virxe dos Afrixidos.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

24.(1138)- SOLICITUDE DA AA.VV CABRAL FERIA PARA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA POR MOR DA FESTA DO XURELO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área do 23.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á AA.VV. CABRAL FEIRA á ocupación da vía pública para a celebración da FESTA DO XURELO en Cabral, o vindeiro 4 de setembro, entre as 18 horas e as 22 horas.

Os organizadores deberán adopta-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Horario autorizado: De 18 horas até 22 horas.
- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

25.(1139)- APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES E PARQUES INFANTIS.

A Xunta de Goberno retira este expediente para mellor estudio do mesmo.

26.(1140)- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (IPC). EXPTE. 1701-224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da diplomada en Traballo Social, do 23.07.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento

Local-Muller, pola técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI), durante o periodo de prórroga de contrato que abrangue dende o 1 de xuño de 2004 ao 31 de maio de 2005, ambos incluídos, aplicando o IPC de 3,4%, de acordo coa cláusula terceira do prego de condicións administrativas que rexen o contrato, sendo o importe do citado contrato 127.204,73 €.

2º.- Aprobar os gastos de 4.182,74 €, para o periodo de xuño 2004-maio 2004 imputándose ao presuposto 2004 a cantidade de 2.439,93 € e ao presuposto de de 2005 a cantidade de 1.742,81€, con cargo á partida presupostaria 463. 2. 227.06.02 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto en vigor.

27.(1141)- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO-2004. EXPTE.15202-220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.08.04, e de acordo co informe-proposta da técnica de recursos humanos, do 10.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ao persoal que figura nas relacións achegadas e que comezan por D. Jesús Alfonso Sanmartín do Servizo de Cemiterios e rematan por D. Damaso Arias Rodríguez de Electromecánicos, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 54.982,76 € con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00.- Gratificacións, correspondentes ao mes de xullo de 2004.

28.(1142)- NOMEAMENTO INTERINO DUN TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL. (EXPTE. 15231-220).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización do Servizo de Persoal, do 20.08.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

No cadro de persoal e relación de postos de traballo vixente, aprobado definitivamente polo pleno da Corporación Municipal na sesión de data 14 de Xaneiro de 2003 (BOP de Pontevedra de 6 de xuño de 2003), actualmente prorrogado, figuran vacantes, por xubilación dos seus titulares, entre outras, dúas prazas de Técnico de Administración Xeral, con postos de asesor xurídico da área de seguridade e xefe servicio contencioso na Asesoría Xurídica Municipal, que son necesarias cubrir para garanti-lo normal funcionamento dos referidos Servizos, tal e como se reflexa no escrito de data 16 de xullo pasado asinado polo xefe e concelleiro-delegado da área de Seguridade e Mobilidade.

Asi mesmo, O Xefe de Patrimonio, mediante escrito de data 15 de xullo pasado, solicita a urxente adscripción dun/ha técnico/a de administración xeral vacante nese Servicio consecuencia do traslado da titular da mesma en data 11 de abril de 2002, os efectos de poder dar resposta ó numeroso traballo existente e que non é posible atender na actualidade.

Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionario/a de carreira dunha praza de técnico de administración xeral, incluída na oferta de emprego público correspondente o ano 2002, figurando na acta do tribunal de data 15 de decembro de 2003 como aspirante proposta para ser nomeada funcionaria de carreira D^a. María Dapena Gómez, que tomou posesión da súa praza o 2 de xaneiro de 2004, e D^a. Beatriz Bárbara Rodríguez, NIF 36.098.427-L, como única aspirante xunto coa nomeada que superou todas e cada unha das probas de que constou oposición, polo que de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasou a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeada ou contratada como persoal interino ou laboral, segundo o disposto na disposición transitoria do decreto 116/93, do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, en concordancia coa Disposición Adicional primeira do RD 896/91, de 7 de xuño. a cal terá validez ata a resolución da próxima oferta de emprego público.

Requerida a aspirante da lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, esta aceptou expresamente, mediante escrito de 18 de agosto ppdo., optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a través das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convoque éste Concello.

De conformidade co disposto no artigo 5 na lei de funcionarios civís do Estado, de 7 de febreiro de 1964, en concordancia co disposto no artigo 7 da lei 4/88, de 26 de maio da función pública de Galicia, son funcionarios interinos aqueles quen por razón de necesidade ou urxencia, ocupen prazas de plantilla en tanto non se provean por funcionarios de carreira.

Consonte ó disposto no artigo 104.1 da lei de funcionarios civís do estado para nomear funcionarios interinos será preciso que a prestación do servizo non sexa preciso que a prestación de servizo non sexa posible realizar, coa urxencia esixida polas circunstancias, por funcionarios de carreira, debendo xustificarse tales extremos perante a Comisión, superior de persoal.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante.

De conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 5 de maio de 2003, referentes á oferta de emprego público do ano 2002, “os candidatos que non habendo superado o

proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral, segundo o disposto na disposición transitoria do decreto 116/93 do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Admón. Pública da Xunta de Galicia, a cal terá validez ata a resolución da próxima oferta de emprego publico, pendente de convocar.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamento proposto en rexime de interinidade, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de auxiliar de administración xeral.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, o Xefe de Unidade de Persoal que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte,....

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe do técnico de Intervención Xeral, do 24.08.04, conformado pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder á cobertura dunha funcionaria interina, con cargo a praza vacante de Técnico de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase Superior.

Segundo.- Nomear interinamente con cargo a referida praza vacante de Técnico de Administración Xeral, á D^a. BEATRIZ BÁRBARA RODRIGUEZ, seguinte e seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de técnico de administración xeral, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, de 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración pública da Xunta de Galicia, en concordancia co disposto no art. 3.3 da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

Segundo.- A relación funcional de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque.

29.(1143)- CONVENIO COLABORACIÓN PRÁCTICAS FOREM GALICIA.

S. ord. 30.08.04

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal, do 20.08.04, conformado polo xefe da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre D Javier Guerra Fernandez, concelleiro delegado de Area de Xestión Municipal do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2004 e D. X. Eusebio Justo Santos, na súa calidade de presidente do centro colaborador FOREM Galicia, para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos de dita Facultade, ó obxecto de completar a súa formación.

2º.- Todos os gastos derivados da realización das prácticas deberán ser asumidos integramente por Forem Galicia. En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenvolvemento do mesmo.

3º.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE FOREM GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DO CURSO DE ELECTRICISTA INDUSTRIAL Nº 2091

COMPARECEN

Dunha parte, D. X. Eusebio Justo Santos, na súa calidade de Presidente do centro colaborador FOREM Galicia, provisto de NIF nº 36.003.974 T e domicilio social na Rúa Romero Donallo, nº 17, entrechán, C.P. 15706 en Santiago de Compostela.

E doutra parte D./Dª Javier Guerra Martinez, provisto de NIF nº 36084929, en calidade de Concelleiro delegado de Xestión Municipal do Concello de Vigo con nº de CIF P 3605700 H, e domicilio social na Praza do rei s/n , C.P. 36202, en Vigo.

Ámbolos dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidades o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que Forem Galicia é unha Entidad de titularidad privada que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores profesionais e socioeconómicos nos que se inserirán no futuro próximo os seus alumnos.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo é unha Administración pública de ámbito territorial , que ten por obxecto competencial o establecido no Artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora de Réxime Local.

TERCEIRO.- Que Forem Galicia , dentro da impartición dos cursos do plan fip ven a establecer prácticas externas en colaboración con distintas organizacións de carácter profesional.

En vista do que Forem Galicia e Concello de Vigo acordan as seguintes

Cláusulas

PRIMEIRA.- A finalidade desta colaboración é proporcionar ós alumnos que están a realizar o curso de ELECTRICISTA INDUSTRIAL Nº 2091 a posibilidade dunha formación práctica tendente a familiarizalos cos procesos o actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos. Esta formación habilitarase a través da presenza dos estudantes nas dependencias do Concello de Vigo nas que poidan adquirir a mencionada formación, en horarios e coas funcións que se determine pola Comisión de Seguimento.

SEGUNDA.- Que por FOREM Galicia estará presente durante a realización das citadas prácticas como tutor das mesmas o/a docente do curso D. IGNACIO ROMAN DIAZ

Os profesionais tutores comprométese a orientar e asesorar individualmente a cada estudante de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades, e a facilitar ós estudantes os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan de maneira que poidan participar nos proxectos de traballo que se están realizando.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titoriza, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia resulte beneficiosa para ambos e emitir informe de aproveitamento do alumnado segundo os criterios fixados polos responsables.

TERCEIRA .- A realización destas prácticas non supoñen ningún tipo relación laboral, non serán de ningún xeito retribuídas e non determinarán responsabilidade algunha da entidade colaboradora Concello de Vigo , xa que logo os alumnos están cubertos polo seguro escolar.

O alumnado respectará en todo momento a vida profesional do Concello de Vigo , especialmente coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen.

CUARTA.- A realización deste convenio non supón contraprestación económica algunha polas entidades asinantes.

QUINTA.- Para o seguimento e cumprimento do convenio establecerase una comisión mixta paritaria integrada por un representante de Forem Galicia e un representante do Concello de Vigo. Esta comisión dictará as súas normas internas de funcionamento debéndose reunir cando o solicite algunha das partes do mesmo.

Terá asemade as seguintes funcións:

- 1) A interpretación do convenio.*
- 2) A proposta de addendas ou modificacións ó mesmo.*
- 6) A intervención previa á resolución por incumprimento, a coordinación de funcións e calquera outra relacionada co bo funcionamento deste convenio.*

SEXTA-- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a vixencia será acorde coa duración dun ano, podendo acordarse a renovación do mesmo por períodos sucesivos por acordo expreso dos asinantes.

OITAVA.- As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicando por escrito á outra parte con tres meses de

antelación á data no que vai dalo por rematado. En ámbolos dous casos deberán rematarse as tarefas que estean realizándose.

NOVENA.- O presente acordo ten natureza administrativa: As dúbidas na súa interpretación serán resoltas pola comisión paritaria así como as discrepancias que poidan xurdir na súa execución. Das cuestións litixiosas coñecerá a xurisdicción contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados

ANEXO 1

ACORDO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DENTRO DO PROGRAMA DO CURSO

Dunha parte, D. X. Eusebio Justo Santos, na súa calidade de Presidente do centro colaborador FOREM Galicia, provisto de NIF nº 36.003.974 T e domicilio social na Rúa Romero Donallo, nº 17, entrechán, C.P. 15706 en Santiago de Compostela.

E doutra parte D./D^a Javier Guerra Martinez, provisto de NIF nº 36084929, en calidade de Concelleiro delegado de Xestión Municipal do Concello de Vigo con nº de CIF P 3605700 H, e domicilio social na Praza do rei s/n , C.P. 36202, en Vigo.

COMUNICACIÓN DE ACORDO:

1.- Que o Concello de Vigo está conforme e acorda con FOREM Galicia a admisión dos alumnos do curso ELECTRICISTA INDUSTRIAL Nº 2091, para a realización de prácticas contempladas en programa de acordo ó programa que se xunta a este acordo como Anexo e nas seguintes datas e horarios:

DATAS DE REALIZACIÓN E HORARIO: .20/09/04 A 22/10/04 ..DE 9 A 14 H .(NON LECTIVOS OS DÍA 11/10/04 E 12/10/04)...., REALIZANDO UN TOTAL DE.115. HORAS DE PRÁCTICAS

2.- Que por FOREM Galicia estará presente durante a realización das citadas prácticas como tutor das mesmas o/a docente do curso D./D^a.IGNACIO ROMAN DIAZ

3.- Que os alumnos participantes nas prácticas serán:

RELACIÓN DE ALUMNOS

- Trinidad Vila Perez 35.548.158-W

4.- FOREM Galicia conta cun seguro de accidentes dos alumnos, así como Seguro de responsabilidade civil que cobre a realización das citadas prácticas.

5.- Que a realización das prácticas por parte dos alumnos do curso indicado, non supón relación contractual co Concello de Vigo.

6.- Que tanto FOREM Galicia como a empresa acolledora dos alumnos en prácticas non percibirán importe económico polas actividades de prácticas previstas.

Acompáñase a seguinte documentación:

- Seguro de accidentes dos alumnos que cobre a realización das prácticas.
- Póliza de responsabilidade civil que cobre a realización das prácticas.
- Programa formativo co contido das prácticas e sistema de tutoría

Asinan por duplicado este acordo en Santiago, a de de 2004.

30.(1144)- INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DO CONCELLO DE VIGO (2000-2001), REALIZADO POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.

Dáse conta do informe emitido polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, de data 23.08.04, que di o seguinte:

Recibiuse nesta Concelleria, Informe de fiscalización selectiva do Concello de Vigo dos exercicios 2000-2001 realizado polo Consello de Contas de Galicia.

O alcance e os obxectivos da fiscalización son os que figuran na paxina 1 do informe que se achega e se refiren, fundamentalmente, ós gastos que afectan ó persoal.

En trámite de alegacións ó informe de fiscalización do Consello de Contas, pola Alcaldía-Presidencia deste Concello presentáronse as alegacións que constan nas páxinas 56 a 63, ámbalas dúas inclusive, do informe que non foron aceptadas polo Consello de Contas de Galicia mediante réplica que figura nas páxinas 65 a 72 do informe citado.

Non consta no informe salvedades nin advertencias nin reparos que afecten ós procesos e casos de responsabilidade contable, nin pagos indebidos, nin se alteran as cifras das magnitudes económico-financieras das Liquidacións dos Orzamentos dos anos 2000 e 2001, soamente se conclúe en recomendacións xenéricas que inclúen algúns supostos xa superados no ano 2004-09-15

En consecuencia propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Tomar en consideración as recomendacións efectuadas polo Consello de Contas de Galicia que constan nas páxinas 48 e 49 do Informe de fiscalización selectiva do Concello de Vigo dos exercicios 2000-2001, dando conta das alegacións presentadas pola Alcaldía-Presidencia con data 24 de maio de 2004 que se achegan no Informe de fiscalización citado.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

31.(1145)- CONTROL DO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA RESPECTO Ó SEGUIMENTO E XESTIÓN DE PROXECTOS COFINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA. (EXPTE. 100385-140).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta emitida polo xefe do Servizo de Investimentos, do 25.08.04, asinada polo concelleiro do Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 22 de xullo do presente ano tivo coñecemento esta administración municipal do informe emitido polo servizo de control da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios (Ministerio de Economía e Facenda) polo que respecta á xestión do proxecto “Samil Século XXI Casa das Palabras”, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Local 2000-2006.

Do contido do mencionado informe dedúcese que o mencionado servizo de control da Dirección Xeral non formula reparo ni obxección ningunha polo que respecta á elixibilidade dos gastos incluídos nas respectivas xustificacións de pagamento, a súa contabilización e o seu seguimento orzamentario. Así mesmo non se formula advertencia ningunha sobre o cumprimento dos requisitos de publicidade. Por outra banda constatouse que o custo efectivo do investimento realizado supera ao gasto elixible establecido no Programa Operativo, trala verificación física das actuacións subvencionadas.

Malia o anterior, e aínda considerando que se actuou co debido rigor na xestión do proxecto cofinanciado, a xefatura do servizo de control nas súas conclusións finais efectúa unha recomendación, cuio contido se recolle no apartado 5 do citado informe (páxina 10 e 11) que, en sínteses, afecta á conveniencia de realizar unha análise exhaustiva do contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas en evitación de que se poidan incluír condicións que propicien a restricción da concorrência, publicidade ou competencia nas ofertas.

En consideración o que antecede esta Concellería delegada propón a esa Xunta de Goberno Local que tome en consideración as recomendacións formuladas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda, que se fan figurar no apartado 5 (páxinas 10 e 11) do informe emitido con data 22 de xullo de 2004, dando conta do seu contido á xefatura de Negociado de Contratación, Intervención Xeral e os funcionarios encargados da xestión dos distintos programas cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa precedente proposta, acorda:

Tomar en consideración as recomendacións formuladas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda, que se fan figurar no apartado 5 (páxinas 10 e 11) do informe emitido con data 22 de xullo de 2004, dando conta do seu contido á xefatura de Negociado de

Contratación, Intervención Xeral e aos funcionarios encargados da xestión dos distintos programas cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

32.(1146)- AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON, PRESENTADA POLA ENTIDADE AQUALIA, CORRESPONDENTE Ó PERÍODO MARZO 2003 A AGOSTO 2003. (EXPTE. 100384-140).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 25.08.04, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

Con data 30 de xullo do presente ano a entidade, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, AQUALIA, presenta no Rexistro Xeral deste concello a autoliquidación do canon concesional, correspondente o período marzo de 2003 a agosto de 2003 así como a regularización dos ingresos dende o inicio da concesión (xaneiro 1991).

O canon concesional é un dos factores constitutivos da tarifa pola prestación deste servizo público e se ven a recadación do tributo é competencia da concesionaria, a súa retribución económica non inclúe, obviamente, o concepto do canon, que deberá ser ingresado a favor da administración concedente, en función dos m³ efectivamente recadados, en cumprimento do prego de cláusulas económico administrativas que rexeu o concurso, convocado para o outorgamento da citada concesión.

O importe autoliquidado, durante o citado período de seis meses) reflicte unha facturación ingresada de 501.887,46€, correspondente a unha subministración de 16.729.582 m³, a razón dunha repercusión unitaria de 0,030 €/m³. Con independencia disto efectúase unha regularización, dende a orixe da concesión, con respecto aqueles m³ facturados, que resultaron impagados nos períodos correspondentes, por importe de 60.556,14€.

A presente autoliquidación ten carácter provisional sendo competencia desta administración municipal levar a efecto as verificacións e comprobacións que estime pertinentes, practicando –no seu caso- a liquidación que proceda, de conformidade co establecido no artigo 120 da vixente Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003) e o seu concordante (artigo 52) da Ordenanza Fiscal Xeral.

De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1º Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período marzo 2003 a agosto-2003 por un importe de 501.887,46€, que corresponde a un volume de facturación 16.729.582 m³*
- 2º Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata agosto 2003, por un importe de 60.556,14€.*
- 3º Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

33.(1147)- ANEXO Ó CONVENIO EXPECÍFICO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (CZV) PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROGRAMA VIGO 2005”.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario xeral do Pleno, do 27.08.04, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*

ANTECEDENTES.

Con data do 19 de abril do ano que andamos a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou convenio a subscribir co CZV que ten por obxecto o establecemento das bases e condicións para a colaboración das dúas Institucións nas actuacións referidas á dinamización socioeconómica, desenvolvemento, recuperación, remodelación e revitalización da Área Urbana que o Concello de Vigo determine. O custo das actuacións estimouse na cantidade límite de 9.000.000 de euros, dos cales 3.000.000 serán aportados polo Concello e os 6.000.000 restantes polo CZV, cantidade que se concibe como un dereito de crédito ó seu favor reintegrable ó dito ente público por compensación contra pagamentos de liquidacións tributarias municipais esixibles ó mesmo.

O anexo, de conformidade cos criterios e decisións adoptadas polos represenatntes dos distintos grupos políticos municipais e pola Comisión de Seguimento do Convenio, concreta e pormenoriza as áreas urbanas sobre as que se efectuarán as actuacións pretendidas (entorno da Praza de Compostela e entorno da rúa Urzáiz) advertindo que os distintos procedementos de adxudicación de obras que deban instruírse comezarán no entorno da Praza de Compostela e polas obras de humanización das rúas Cervantes e Uruguay (entorno de Urzáiz). Sinala que os proxectos do último ámbito indicado serán aprobados polo Concello e que os da Praza de Compostela serán

financiados con cargo ó Convenio podendo subrogarse o CZFV na posición do Concello se iste tivese adquirido, con anterioridade á sinatura do anexo, algún compromiso de gasto relacionado co Convenio.

Por outra banda o documento complementario sinala, a título enunciativo, cales son os tributos municipais sobre os que se poderán realizar as compensacións previstas, indicando tamén o procedemento para a súa materialización. Finalmente advirte da necesidade de formalizar acta ó remate das actuacións, acta na que se reflectan as obras realizadas, o seu custo e os importes compensados; tamén sinala a conveniencia de que a Comisión de Seguimento se reuna cunha periodicidade semestral.

INFORME

O anexo, co fin de falicitar a execución do Convenio, desenvolve e interpreta determinadas previsións apuntadas no mesmo sen alterar nin modificar substancialmente os compromisos asumidos polas partes asinantes. Entendendo que o procedemento de compensación para o reintegro das cantidades aportadas polo CZFV se axustan á lexislación aplicable, procede a súa aprobación mediante acordo que neste sentido os órganos que no seu día efectuaron a aprobación do documento inicial, é dicir, a Xunta de Goberno Local (art. 127 1.f. LBRL) e o Pleno do CZFV.

En virtude do exposto efectúase a seguinte proposta de acordo:..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe aproba a proposta formulada polo secretario xeral do Pleno engadindo o punto cuarto durante o debate do mesmo, acordándose o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o anexo ó Convenio específico de colaboración subscrito en data 19.04.2004 polo Concello de Vigo e o CZFV co texto que de seguido se transcribe.

Segundo.- Remitir o presente acordo á Intervención Xeral do Concello, Tesourería Municipal, Departamento de Vías e Obras e Secretaría Xeral do CZFV.

Terceiro.- Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a sinatura do documento mencionado e para a resolución de todas as incidencias e decisións que poidan xurdir ou deban adoptarse na execución das previsións conveniadas.

Cuarto.- Encomendar a D. Benjamín Suárez González, xefe do Servizo de Inversións, o seguimento e a xestión económica do convenio.

ANEXO Ó CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO "PROGRAMA VIGO 2005".

En Vigo, a

Dunha parte a Excm. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte o Ilmo. Sr. Francisco López Peña, Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Interveñen en razón dos cargos que ambos ostentan, representando ás respectivas institucións en nome das que actúan e con capacidade e lexitimación.

EXPOÑEN:

- 1.- Que o día 19 de abril de 2004, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo asinaron o denominado “Convenio específico de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Programa Vigo 2005”.
- 2.- Que co obxecto de establecer normas concretas para o desenvolvemento do dito Convenio, ambas partes acordan a sinatura do presente anexo coas seguintes estipulacións:

ESTIPULACIÓNS:

- 1.- Ambas partes acordan que, á vista dos informes remitidos pola Comisión de Seguimento prevista na estipulación terceira do Convenio, as actuacións a realizar no ámbito do Convenio serán as seguintes:
 - Humanización entorno Praza de Compostela.
 - Humanización entorno rúa Urzáiz, incluíndo os seguintes ámbitos:
 - Rúa Cervantes
 - Rúa Uruguay
 - Rúa Hernán Cortés e Luis Braille
 - Rúa Magallanes
 - Rúa Colón (entre Uruguay e Policarpo Sanz)
 - Rúa Manuel Núñez
 - Rúa Gil
- 2.- O Consorcio adxudicará inicialmente as obras correspondentes á humanización do entorno da Praza de Compostela e das rúas Cervantes e Uruguay. Unha vez coñecidos os importes das ditas actuacións, procederase á adxudicación das restantes, ata unha inversión máxima total dos nove millóns de euros.
- 3.- O Concello de Vigo aportará sen custo ningún, os proxectos de humanización do entorno da rúa Urzáiz. Os proxectos da humanización da Praza de Compostela serán financiados con cargo ó Convenio. O Consorcio poderá subrogarse na posición do Concello se iste tivese adquirido algún compromiso relacionado co obxecto do Convenio con anterioridade á sinatura deste anexo.
- 4.- O Concello de Vigo procederá o desembolso dos 3.000.000 de euros previstos no Convenio, na conta bancaria que o Consorcio designe, con anterioridade á licitación do primeiro proxecto.

5.- A estipulación quinta do Convenio de Colaboración determina a obriga por parte do Concello de reintegrar ó Consorcio as cantidades que este tivese satisfeito en execución do “Programa Vigo 2005” ata un límite de 6.000.000 euros.

As cantidades anteriores devolveranse ó Consorcio, entre outros medios, por compensación contra pagamentos de liquidacións tributarias esixibles ó mesmo.

Os tributos compensables serán:

1) *Impostos municipais. Inclúense:*

- a) *Imposto sobre Bens Inmóbles (ordenanza fiscal 2ª).*
- b) *Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (ordenanza fiscal 3ª)*
- c) *Imposto sobre Actividades Económicas (ordenanza fiscal 4ª).*
- d) *Imposto sobre construcións, Instalacións e Obras (ordenanza fiscal 5ª).*
- e) *Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (ordenanza fiscal 6ª).*

2) *Contribucións Especiais que resulten esixibles en virtude da ordenanza fiscal 7ª.*

3) *Taxas fiscais. Inclúense:*

- a) *Por prestación de servicios. As que resulten esixibles das ordenanzas fiscais 10ª a 24ª, ambas inclusive.*
- b) *Por aproveitamento do dominio público. As que resulten esixibles por aplicación das ordenanzas fiscais 30ª a 34ª, ambas inclusive.*
- c) *Por subministro de auga. As que resulten esixibles de acordo coa ordenanza fiscal 60ª.*
- d) *Dos Organismo Autónomos.*

As que resulten esixibles de acordo coas ordenanzas fiscais 50ª a 53ª, ambas inclusive.

A presente relación, ten un carácter enunciativo e en ningún caso exclúinte de calquera outro crédito de natureza tributaria que na actualidade ou nun momento futuro puidera ostentar o Concello de Vigo fronte ó Consorcio.

Dende un punto de vista temporal, os tributos compensables serán os devengados que estean pendentes de pagamento e os que se devenguen a partir do momento da sinatura do Convenio de Colaboración, ata acadar as cantidades satisfeitas polo Consorcio na execución dos compromisos asumidos no Convenio de Colaboración.

A compensación efectuarase de oficio nos termos establecidos no artigo 45 da Ordenanza Fiscal Xeral (ordenanza fiscal 1ª do Concello de Vigo), extingúndose as débedas tributarias obxecto da mesma.

A efectos de practicar a compensación, seguirase o seguinte procedemento:

Con carácter trimestral o Consorcio enviará ó Concello:

- *Relación de cantidades satisfeitas no período e cantidade total acumulada en execución do Convenio de Colaboración.*

- *Relación de tributos devengados. Na primeira comunicación conteranse os tributos pendentes de pagamento no momento da sinatura do Convenio de Colaboración.*

Con carácter trimestral, o Concello de Vigo:

- *Efectuará as compensacións tributarias derivadas do listado remitido polo Consorcio no trimestre anterior. Se con anterioridade ó dito prazo rematase o prazo de pagamento en período voluntario dalgún tributo, quedará automaticamente suspendida a débeda tributaria sen que se inicie o período executivo ata que a dita compensación efectivamente se produza.*
- *Notificará ó Consorcio as compensacións tributarias efectuadas.*

A extinción das débedas tributarias por compensación, non afectará á impugnabilidade dos actos administrativos de liquidación orixe das mesmas, contra os que o Consorcio poderá interpoñer, de ser o caso, os recursos ou reclamacións legalmente procedentes.

No suposto de que nalgún outro convenio entre as partes se prevexa un sistema de compensación similar ó presente, o procedemento anteriormente descrito realizarase de xeito global, acumulando todas as actuacións previstas nos diferentes convenios.

6.- *Unha vez finalizadas as actuacións previstas no Convenio, as partes realizarán unha acta na que se fará constar as actuacións finalmente realizadas, o custo final das mesmas, o importe financiado polo Consorcio, os importes compensados ata a data mediante o procedemento previsto na estipulación anterior ou por calquera outro procedemento e as cantidades pendentes de compensar a favor do Consorcio.*

8.- *A Comisión de Seguimento á que fai referencia a estipulación Terceira do Convenio de Colaboración, analizará e velará polo efectivo cumprimento do contido do presente Anexo a cuxos efectos deberá reunirse alomenos con carácter trimestral.*

34.(1148)- CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (CZFY) PARA A FINANCIACIÓN DAS OBRAS COMPLEMENTARIAS NA OBRAS DE PROLONGACIÓN DO TÚNEL DE BEIRAMAR COA AUTOPISTA A-9.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario xeral do Pleno, do 27.08.04, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC).*
- *Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (LRFL).*

ANTECEDENTES.

O Concello de Vigo en outubro de 2003, solicitou do CZFV colaboración para o financiamento e execución de determinadas obras complementarias nas da prolongación do túnel de Beiramar para un enlace coa Autopista A-9. Estimábase un orzamento de execución de 880.000 euros.

O Comité Executivo do Consorcio, en sesión de data 28.10.2003, acordou autorizar o financiamento e contratación das obras citadas sempre e cando se establecese un mecanismo de compensación financeira que posibilitara ó dito ente público a recuperación do investimento.

O Concello de Vigo, mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión de data 12.04.2004, solicita do CZFV a elaboración dun convenio de colaboración no que, contemplándose as oportunas compensacións económicas a favor do CZFV, se establezan as bases e as condicións baixo as que se pacte a colaboración indicada.

En data de abril de 2004 o proxecto técnico redactado pola consultora APIA XXI referente ás obras mencionadas, establece un orzamento de execución por contrata de 1.800.050,28 euros, IVA engadido.

Con data do 19 de agosto o Delegado do Estado no CZFV remite ó Concello proxecto de convenio.

No proxecto remitido o CZFV comprométese a licitar, contratar e financiar a execución das referidas obras con cargo ós seus orzamentos asumindo a dirección do contrato que se formalice, compartindo cos servizos técnicos municipais a inspección das obras.

De conformidade coas condicións ofertadas pola Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 12.04.2004, o Convenio contempla que as cantidades financiadas e satisfeitas polo CZFV, que acadarán o custo total da obra prevista, é dicir, 1.800.050,28 euros, serán recoñecidas a este ente como dereito de crédito ó seu favor sendo reintegradas ó mesmo, sen custo adicional ningún, mediante compensación contra pagamento das liquidacións tributarias que sexan esixibles ó CZFV sen prexuízo de que tamén o sexan por medio de actuacións urbanísticas.

O Convenio, na súa cláusula cuarta, sinala enunciativamente cales son os tributos municipais sobre os que poderán xirarse liquidacións e establece un procedemento para a materialización das compensacións que procedan, así mesmo sinala a necesidade de formalizar unha acta final na que se faga constar o custo das obras, o importe financiado e o importe compensado.

INFORME:

O art. 57 da LRBL advirte que a cooperación económica, técnica e administrativa entre as Administracións Locais e a Administración do Estado, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, poderá ter lugar, en todo caso, mediante a suscripción de convenios administrativos; por outro lado o art. 9 da LRPAC sinala que as relacións entre a Administración Xeral do Estado e as entidades que integran as Administracións Locais rexeranse pola lexislación básica en materia de Réxime Local (art. 57 citado), aplicándose supletoriamente o sinalado nesa Lei.

O CZFV é un ente de dereito público dependente da Administración Xeral do Estado por isto, os instrumentos de formalización do convenio que con el se subscriban deberán sinalar, cando así proceda, as especificacións que se indican no art. 6.2 da LRPAC.

O Convenio remitido menciona os órganos que realizan o convenio, a capacidade xurídica coa que actuará cada unha das partes, a competencia que exerce de cada Administración, a financiación da actuación prevista, as actuacións a desenvolver e o prazo de vixencia do conveniado polo que baixo este aspecto debemos entender que o estipulado axústase á lexislación aplicable. Non obstante entendemos conveniente que se mencione a necesidade de constituir un órgano mixto de vixilancia e control que resolva os posibles problemas de interpretación do convenio.

Sen prexuízo do manifestado, da lectura do documento remitido despréndese que o convenio contempla unha operación de crédito atípica, sen custo para as arcas municipais, por importe de 1.800.050,28 € que debe ser reintegrado, en prazo non fixado pero presumiblemente nun período inferior ó ano, dado o prazo de execución da obra, mediante compensación con liquidacións tributarias municipais que lle sexan notificadas. Previamente á súa aprobación, deberá emitirse informe de fiscalización pola Intervención de Fondos no que se analizará a capacidade para hacer fronte, no tempo, ás obrigas que do mesmo se deriven e a incidencia da operación no aforro neto municipal.

O órgano competente para a aprobación do Convenio remitido é a Xunta de Goberno Local en virtude do sinalado no art. 127.1.f da LBRL.

De conformidade co sinalado e a resultados do que se manifeste pola Intervención Municipal, procede que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, aproba a proposta formulada polo secretario xeral do Pleno engadindo o punto cuarto durante o debate do mesmo, acordándose o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o Convenio específico de colaboración a subscribir polo Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo co texto que se transcribe no anexo deste acordo, que ten por obxecto a financiación de obras complementarias na conexión do túnel de Beiramar coa autopista A-9

Segundo.- Remitir o presente acordo á Intervención Xeral do Concello, Tesourería Municipal, Departamento de Vías e Obras e Secretaría Xeral do CZFV.

Terceiro.- Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a sinatura do documento mencionado e para a resolución de todas as incidencias e decisións que poidan xurdir na execución das previsións conveniadas.

Cuarto.- Encomendar a D. Benjamín Suárez González, xefe do Servizo de Inversións, o seguimento e a xestión económica do convenio.

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA A FINANCIACIÓN DAS OBRAS DE ADAPTACIÓN DO TÚNEL DE FOMENTO.

En Vigo,

REUNIDOS:

Dunha parte a Excm. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte o Ilmo. Sr. D. Francisco López Peña, Delegado do Estado na Zona Franca de Vigo.

Interveñen en razón dos cargos que ambos ostentan, representando ás respectivas institucións en nome das que actúan e con capacidade e lexitimación.

EXPOÑEN:

I.- Que o Concello de Vigo, en outubro de 2003, solicitou do Consorcio da Zona franca de Vigo a colaboración para financiar e executar determinadas obras complementarias (iluminación, sinalización, sistemas de control e outras) na prolongación do túnel de Beiramar –actualmente en execución- tramo de enlace coa Autoposta A-9, obras imprescindibles segundo a normativa de obrigado cumprimento. No dito escrito estimábase un orzamento de execución duns 880.000 euros., máis IVE.

II.- O Comité Executivo do Consorcio, na súa sesión de data 28 de outubro de 2003, á vista do escrito antes referenciado, acordou autorizar o financiamento e contratación das citadas obras complementarias, sempre que entre o Concello de Vigo e o Consorcio se estableza un mecanismo de compensación financeira que posibilita a recuperación por iste último Organismo das cantidades investidas no proxecto mencionado e solicitar informe previo dos servicios Xurídicos do Estado.

III.- Emitido o dito informe xurídico, o Comité Executivo do Consorcio, na súa sesión de data 26 de novembro de 2003 e á vista do mesmo, considerando a urxencia en contratar e executar as obras antes citadas, acordou facultar ó Delegado do Estado para negociar co Concello os termos do Convenio de colaboración e proceder á súa sinatura.

IV.- O Concello de Vigo, en data 19 de abril de 2004, deu traslado ó Consorcio do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 12 de abril de 2004, polo que solicita do Consorcio da Zona Franca de Vigo a elaboración dun convenio de colaboración para a urxente contratación do “Proxecto de adaptación á normativa vixente do túnel de acceso ó Porto de Vigo dende a A-9 e mellora do túnel de Beiramar”, ofrecendo as oportunas compensacións económicas.

Co dito escrito fíxose acompañar o orzamento de obras aprobado e informe favorable da Dirección Facultativa.

En base a estes antecedentes, as partes intervinentes acordan formalizar un Convenio específico para a execución e remate das obras complementarias necesarias na prolongación do túnel de Beiramar de Vigo, tramo de enlace coa Autopista A-9 e lévanno a efecto de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste Convenio é regular a colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para a execución e financiamento das obras incluídas no “Proxecto de adaptación á normativa vixente do túnel de acceso ó Porto de Vigo dende a A-9 e mellora do túnel”.

As obras complementarias a realizar son as que figuran e se describen no proxecto técnico redactado pola consultoría APIA XXI de data abril de 2004, o que se une ó presente Convenio como Anexo I.

O orzamento de execución por contrata ascende á cantidade de 1.800.050,28 euros, IVE incluído (1.551.767,48 € + 248.283,80 € de IVE), o que corresponde á totalidade das partidas e variacións económicas que supoñen as modificacións necesarias introducidas.

SEGUNDA.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo, polo presente Convenio, comprométese a licitar, contratar e financiar a execución das referidas obras con cargo ós seus orzamentos e asumirá a dirección do contrato que se formalice, compartindo cos servizos técnicos municipais a inspección de obras.

TERCEIRA.- Tendo en conta que o ámbito das obras obxecto do presente Convenio pasará funcionar como vía urbana nese tramo e que as mesmas serán financiadas polo Consorcio, o Concello de Vigo comprométese a compensar a totalidade dos pagamentos que sexan realizados polo Consorcio en razón deste Convenio.

En base a isto, as cantidades que o Consorcio satisfaga con cargo ós seus orzamentos en razón deste Convenio, serán recoñecidas como dereito de crédito a favor do mesmo, con efectos de “acto administrativo” e con alcance e efectos previstos no artigo 71 da vixente Lei 58/2993, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Ditas cantidades, debidamente xustificadas, serán reintegradas ó Consorcio sen custo adicional ningún, por compensación contra pagamento de liquidacións tributarias esixibles ó mesmo, tanto periódicos coma puntuais, con motivo da realización de obras, tenencia de bens inmobles ou xestión de servizos, ó igual que as taxas que, por todos os conceptos, foran esixibles con cargo ó Consorcio.

Sen prexuízo do procedemento de reembolso por compensación establecido nesta estipulación, as cantidades satisfeitas polo Consorcio poderán tamén ser reembolsadas por medio de actuacións urbanísticas conxuntas, cesións ou calquera outro medio admisible en dereito e pactado polos intervinentes.

CUARTA.- Tal como se indica na estipulación anterior, as cantidades anteriores devolveranse ó Consorcio, entre outros medios, por compensación contra pagamentos de liquidacións tributarias esixibles ó mesmo.

Os tributos compensables serán:

1) Impostos municipais. Inclúense:

- a) Imposto sobre Bens Inmobles (ordenanza fiscal 2ª).*
- b) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (ordenanza fiscal 3ª)*

- c) *Imposto sobre Actividades Económicas (ordenanza fiscal 4ª).*
- d) *Imposto sobre construcións, Instalacións e Obras (ordenanza fiscal 5ª).*
- e) *Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (ordenanza fiscal 6ª).*

2) *Contribucións Especiais que resulten esixibles en virtude da ordenanza fiscal 7ª.*

3) *Taxas fiscais. Inclúense:*

- a) *Por prestación de servicios. As que resulten esixibles das ordenanzas fiscais 10ª a 24ª, ambas inclusive.*
- b) *Por aproveitamento do dominio público. As que resulten esixibles por aplicación das ordenanzas fiscais 30ª a 34ª, ambas inclusive.*
- c) *Por subministro de auga. As que resulten esixibles de acordo coa ordenanza fiscal 60ª.*
- d) *Dos Organismo Autónomos.*

As que resulten esixibles de acordo coas ordenanzas fiscais 50ª a 53ª, ambas inclusive.

A presente relación, ten un carácter enunciativo e en ningún caso exclúe de calquera outro crédito de natureza tributaria que na actualidade ou nun momento futuro puidera ostentar o Concello de Vigo fronte ó Consorcio.

Dende un punto de vista temporal, os tributos compensables serán os devengados que estean pendentes de pagamento e os que se devenguen a partir do momento da sinatura do Convenio de Colaboración, ata acadar as cantidades satisfeitas polo Consorcio na execución dos compromisos asumidos no Convenio de Colaboración.

A compensación efectuarase de oficio nos termos establecidos no artigo 45 da Ordenanza Fiscal Xeral (ordenanza fiscal 1ª do Concello de Vigo), extingúndose as débedas tributarias obxecto da mesma.

A efectos de practicar a compensación, seguirase o seguinte procedemento:

Con carácter trimestral o Consorcio enviará ó Concello:

- *Relación de cantidades satisfeitas no período e cantidade total acumulada en execución do Convenio de Colaboración.*
- *Relación de tributos devengados. Na primeira comunicación conteranse os tributos pendentes de pagamento no momento da sinatura do Convenio de Colaboración.*

Con carácter trimestral, o Concello de Vigo:

- *Efectuará as compensacións tributarias derivadas do listado remitido polo Consorcio no trimestre anterior. Se con anterioridade ó dito prazo rematase o prazo de pagamento en período voluntario dalgún tributo, quedará automaticamente suspendida a débeda tributaria sen que se inicie o período executivo ata que a dita compensación efectivamente se produza.*
- *Notificará ó Consorcio as compensacións tributarias efectuadas.*

A extinción das débedas tributarias por compensación, non afectará á impugnabilidade dos actos administrativos de liquidación orixe das mesmas, contra os que o Consorcio poderá interpoñer, de ser o caso, os recursos ou reclamacións legalmente procedentes.

No suposto de que nalgún outro convenio entre as partes se prevexa un sistema de compensación similar ó presente, o procedemento anteriormente descrito realizarase de xeito global, acumulando todas as actuacións previstas nos diferentes convenios.

QUINTA.- Unha vez rematadas as actuacións previstas no Convenio, as partes realizarán unha acta na que se fará constar o custo final das mesmas, o importe financiado polo Consorcio, os importes compensados ata a data mediante o procedemento previsto na estipulación anterior ou por calquera outro procedemento e as cantidades pendentes de compensar a favor do Consorcio.

SEXTA.- O presente Convenio para os seus plenos efectos, deberá ser aprobado polos órganos competentes do Concello e do Consorcio.

SÉTIMA.- O presente Convenio estará en vigor ata que se produza o total cumprimento das finalidades e obxectivos establecidos no mesmo, o seu réxime xurídico exclúese do previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, conforme ó previsto no artigo 3,1,c) da citada norma. Será de aplicación o indicado supletoriamente na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

En en proba de conformidade asinan o presente Convenio no lugar e data que figuran no encabezamento.

Os tributos compensables serán:

4) Impostos municipais. Inclúense:

- a) Imposto sobre Bens Inmóbles (ordenanza fiscal 2ª).
- b) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (ordenanza fiscal 3ª)
- c) Imposto sobre Actividades Económicas (ordenanza fiscal 4ª).
- d) Imposto sobre construcións, Instalacións e Obras (ordenanza fiscal 5ª).
- e) Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (ordenanza fiscal 6ª).

5) Contribucións Especiais que resulten esixibles en virtude da ordenanza fiscal 7ª.

6) Taxas fiscais. Inclúense:

- e) Por prestación de servizos. As que resulten esixibles das ordenanzas fiscais 10ª a 24ª, ambas inclusive.
- f) Por aproveitamento do dominio público. As que resulten esixibles por aplicación das ordenanzas fiscais 30ª a 34ª, ambas inclusive.
- g) Por subministro de auga. As que resulten esixibles de acordo coa ordenanza fiscal 60ª.
- h) Dos Organismo Autónomos.

As que resulten esixibles de acordo coas ordenanzas fiscais 50ª a 53ª, ambas inclusive.

A presente relación, ten un carácter enunciativo e en ningún caso exclúinte de calquera outro crédito de natureza tributaria que na actualidade ou nun momento futuro puidera ostentar o Concello de Vigo fronte ó Consorcio.

Dende un punto de vista temporal, os tributos compensables serán os devengados que estean pendentes de pagamento e os que se devenguen a partir do momento da sinatura do Convenio de Colaboración, ata acadar as cantidades satisfeitas polo Consorcio na execución dos compromisos asumidos no Convenio de Colaboración.

A compensación efectuarase de oficio nos termos establecidos no artigo 45 da Ordenanza Fiscal Xeral (ordenanza fiscal 1ª do Concello de Vigo), extingúndose as débedas tributarias obxecto da mesma.

A efectos de practicar a compensación, seguirase o seguinte procedemento:

Con carácter trimestral o Consorcio enviará ó Concello:

- Relación de cantidades satisfeitas no período e cantidade total acumulada en execución do Convenio de Colaboración.*
- Relación de tributos devengados. Na primeira comunicación conteranse os tributos pendentes de pagamento no momento da sinatura do Convenio de Colaboración.*

Con carácter trimestral, o Concello de Vigo:

- Efectuará as compensacións tributarias derivadas do listado remitido polo Consorcio no trimestre anterior. Se con anterioridade ó dito prazo rematase o prazo de pagamento en período voluntario dalgún tributo, quedará automaticamente suspendida a débeda tributaria sen que se inicie o período executivo ata que a dita compensación efectivamente se produza.*
- Notificará ó Consorcio as compensacións tributarias efectuadas.*

A extinción das débedas tributarias por compensación, non afectará á impugnabilidade dos actos administrativos de liquidación orixe das mesmas, contra os que o Consorcio poderá interpoñer, de ser o caso, os recursos ou reclamacións legalmente procedentes.

No suposto de que nalgún outro convenio entre as partes se prevexa un sistema de compensación similar ó presente, o procedemento anteriormente descrito realizarase de xeito global, acumulando todas as actuacións previstas nos diferentes convenios.

35.(1149)- PROPOSTA PARA O INCREMENTO DE CRÉDITO DESTINADO A SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA ORGANIZACION DE EVENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 4290/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable acreditativo da existencia de saldo para a realización do gasto que se propón, de conformidade co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.08.04, conformado pola concelleira delegada de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

Modificar o crédito destinado a subvencións a entidades deportivas, pola organización de eventos deportivos e actividades, durante o ano 2004, incrementando o devandito crédito en 75.000 €, co que resultaría que se disporía dun crédito de 165.150 €. Polo tanto, modifícase o artigo 4 das bases da convocatoria, aprobadas pola Xunta de Goberno o 09.04.2004, e onde di 90.150 €, coma consecuencia do incremento, cómpre dicir 165.150 €. Esta variación non modifica os baremos das subvencións.

36.(1150)- PRÓRROGA DO CONVENIO ASINADO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE ATLETISMO PARA A REVERSIÓN DA CESIÓN DO DEREITO DE SUPERFICIE E USO DE PISTAS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 4713/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.08.04, conformado pola concelleira-delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Que o vindeiro día 27 de setembro, finaliza o Convenio para a reversión da cesión do dereito de superficie e uso das pistas de Atletismo de Balaídos, Convenio que foi asinado polo Concello de Vigo e a Federación de Atletismo con data 8 de febreiro de 1990.

Hai que ter en conta o feito de que as competicións atléticas xa se iniciaron e que o Concello de Vigo non dispón do persoal preciso para facer o imprescindible mantemento da devandita instalación deportiva.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Ampliar por un período de un ano, é dicir, ata o 27 de setembro de 2005, a vixencia do Convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Federación de Atletismo, mantendo o mesmo clausulado”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

37.(1151)- SOLICITUDE DA IRMANDADE DE DOANTES DE SANGUE DE VIGO DE AUTORIZACIÓN DA UTILIZACIÓN DO AUDITORIO DE CASTRELOS PARA A REALIZACIÓN DUN FESTIVAL MUSICAL. EXPTE. 1171/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 27.08.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a utilización das instalacións do auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos á Irmandade de Doantes de Sangue de Vigo, para a realización dun festival musical o sábado día 4 de setembro, según as seguintes condicións:

1. A utilización das instalacións realizarase entre as 17'00 e as 23'00 horas do día 4 de setembro.
2. A Concellaría de Festas non asume ningún gasto que sexa necesario para a realización do espectáculo.
3. A responsabilidade civil e de calquera outra índole derivadas da celebración do espectáculo será exclusivamente da entidade, como organizadora do mesmo.
4. O Concello encargárase do subministro eléctrico; ademais, designará unha persoa encargada de custodiar as chaves do recinto durante todo o periodo e asesorarlles nas súas posibilidades de utilización.
5. A carga máxima permitida para a cuberta da estrutura do escenario é de 2.500.- quilogramos, non permitindo baixo ningún concepto superar este límite.
6. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración do espectáculo por conta da entidade.
7. O sistema de acceso de público ao recinto interior e o seu control será total responsabilidade da entidade, como organizadora do espectáculo.
8. O Concello non asumirá ningún outro compromiso agás os especificados nos apartados anteriores.

38.(1152)- APROBACIÓN DE TÉCNICA DE PROXECTOS DE OBRAS:

a) EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VALLADARES. EXPTE. 41965/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.08.04, conformado polo concelleiro delegado da área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia financia as obras de “Ampliación do Saneamento na Parroquia de VALLADARES”

Toda vez que a Xunta de Galicia exclúe a execución de acometidas domiciliarias nas súas colaboracións técnico-financieiras coas entidades locais, como establece o Artigo 3.b do Decreto 84/1997 de 10 de outubro, resulta necesaria a redacción deste proxecto que complementa as obras de “Ampliación do Saneamento na Parroquia de VALLADARES”.

O proxecto “ EXECUCIÓN DA ACOMETIDAS DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VALLADARES “ foi redactado por G.O.C. en xullo de 2004 e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D.Luis H. Gómez Carrión .

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución das acometidas domiciliarias aos colectores xerais da ampliación do saneamento na parroquia de Valladares.

O presuposto base de licitación I.V.E. excluído ascende á cantidade de: 348.802,72 €. TRESCENTOS COARENTA E OITO MIL OITOCENTOS DOUS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS.

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ao cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto “ EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VALLADARES” cun presuposto base de licitación I.V.E. excluído de: 348.802,72 € TRESCENTOS COARENTA E OITO MIL OITOCENTOS DOUS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

b) ACOMETIDAS DE AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE BEADE. EXPTE. 42090/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.08.04, conformado polo concelleiro delegado da área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia financia as obras de “Ampliación do Saneamento no Rural de Vigo-Parroquia de BEADE”

Necesidades xurdidas no transcurso da execución das obras , motivaron a redacción do proxecto “Ampliación do Saneamento na parroquia de BEADE” , da cal a súa execución, vai ser asímesmo asumida pola Xunta de Galicia.

Toda vez que a Xunta de Galicia exclúe a execución de acometidas domiciliarias nas súas colaboracións técnico-financieiras coas entidades locais, como establece o Artigo 3.b do Decreto 84/1997 de 10 de outubro, resulta necesaria a redacción deste proxecto que complementa as obras de “Ampliación do Saneamento na Parroquia de BEADE”.

O proxecto “ ACOMETIDAS DA AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE BEADE “ foi redactado por CIISA e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Patricio Aguilar Cabanillas en agosto de 2004.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución das acometidas domiciliarias aos colectores xerais da ampliación do saneamento na parroquia de Beade.

O presuposto base de licitación I.V.E. excluído ascende á cantidade de 102.064,01 €. CENTO DOUS MIL SESENTA E CATRO EUROS CON UN CÉNTIMO.

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ao cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto “ ACOMETIDAS DA AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA PARROQUIA DE BEADE” cun presuposto base de licitación I.V.E. excluído de: 102.064,01 € CENTO DOUS MIL SESENTA E CATRO EUROS CON UN CÉNTIMO.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

39.(1153)- SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA TIRADA DE FOGOS NA FESTA DA VIRXE DOS AFRIXIDOS. Expte. 69992/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, do 30.08.2004, conformado polo concelleiro-delegado da Área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar á Asociación Comisión de Festas Virxe dos Afrixidos á ocupación do espazo necesario para a tirada de fogos de lucería nos terreos próximos ó Parque Forestal de Zamáns, e os de ruide dende a finca da cubela nas seguintes datas:

S. ord. 30.08.04

*Venres 3 de setembro	Fogo de ruído ás 13.00 horas Fogo de ruído ás 20.30 horas
*Sabado 4 de setembro	Fogo de ruído ás 13.00 horas Fogo de ruído ás 20.30 horas
*Domingo 5 de setembro	Fogo de ruído ás 13.00 horas Fogo de ruído ás 13.00 horas
*Luns 6 de setembro	Fogo de ruído ás 13.00 horas Fogo de ruído ás 20.30 horas Fogo de lucería á 01.00 horas

40.(1154)- ROGOS E PREGUNTAS

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez